

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14**

**SESION EXTRAORDINARIA DO 17 DE OUTUBRO DE 2006**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa  
Arias Moreira, José Carlos  
Bermúdez Pérez, Silvia  
Caballero Miguez, Gonzalo  
Calviño Rodríguez, Xullo  
Coello Bufill, Antonio  
Comesaña Abalde, Carlos  
Cotobad Tombo, Elías Carlos  
Couto Pérez, José Manuel  
Fernández Fernández, Amador  
Figuroa Vila, José Manuel  
Garrido González, Alicia  
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge  
López-Chaves Castro, Ignacio Javier  
Martíns Vilanova, Margarida Rosa  
Méndez Piñeiro, María Xosé  
Molares Pérez, Lucía Emilia  
Polo Lima, María Soledad  
Ruiz Cenicerros, Mauricio  
Sío Lourido, Belén  
Soto Ferreiro, Manoel  
Toba Girón, Xabier  
Vieitez Alonso, Henrique

**NON ASISTEN:**

Alonso Vázquez, Xulio  
Iglesias Carrera, José Manuel  
Porteiro García, María Josefa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as once horas e doce minutos do día dezasete de outubro do ano dous mil seis, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Alonso Vázquez e Iglesias Carrera e a Sra. Porteiro García. Están

tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

#### LECTURA DE MANIFESTO CO GALLO DO DÍA MUNDIAL CONTRA A POBREZA

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Antes de comezar o Pleno e tralo acordo de Xunta de Voceiros prégolle ó Sr. Secretario do Pleno da Corporación proceda á lectura do manifesto por mor do Día Mundial Contra a Pobreza. Poñámonos en pé para o escoitar.

SR. SECRETARIO DO PLENO: Manifesto do Día Mundial contra a Pobreza. Hoxe celébrase o Día Internacional contra a Pobreza. A Corporación municipal de Vigo desexa sumarse á campaña promovida por Nacións Unidas que persigue o obxectivo de nos implicar todos máis aló do que o temos feito na consecución dos obxectivos de desenvolvemento do milenio.

As administracións, pero tamén as organizacións sociais e máis económicas, a sociedade no seu conxunto temos a obriga de avanzar na erradicación da fame e da pobreza en toda a súa dimensión a través de políticas laborais, sociais e económicas que favorezan a integración das persoas en todos os ámbitos da sociedade comezando polos que están máis preto de nós, polos vigueses e viguesas que se atopan en situación de exclusión social.

É aquí, neste Pleno, na máxima representación democrática da cidade, onde queremos pronunciármolos de forma rotunda contra a pobreza e con este fin solicito de todos os membros da Corporación que nos ergamos en mostra de solidariedade.

1.- (180).-AMORTIZACIÓN DE PRAZA EN CUMPRIMENTO DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE DECEMBRO DE 2005. EXPTE. 16664/220.

ANTECEDENTES.- A xefa da Unidade de Persoal, con conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 26 de setembro informa do que segue:

"1.- En sesión de data 23/12/2005 a Xunta de Goberno Local acordou:

*"Primeiro.- Modificar a Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo do Concello de Vigo correspondentes aos postos relacionados, cos contidos especificamente considerados de oficios (capataces, encargados xerais, xefes de equipo, xefes de tanda, axudantes, vixiantes, etc) así como aqueles que estan a realizar tarefas administrativas, todos eles encadrados nos Grupos D e E de titulación, para o exercizo 2005 en canto ás retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) que será o que se contén no ANEXO I (transcrito na parte expositiva) e que forma parte inseparable desta proposta.*

*Segundo.- Para o actual exercizo económico 2005, a adecuación retributiva proposta terá efectos retroactivos ó 1 de febreiro de 2005, para o cal se autoriza un gasto de 660.000 € con cargo á partida 121101210100 "Fondo de adecuación dos postos de traballo dos vixentes orzamentos municipais".*

*Terceiro.- Que pola Tesourería municipal se proceda á cuantificación das obrigas económicas derivadas do presente acordo correspondentes ó actual ano 2005 para o seu recoñecemento e declaración de aboamento polo órgano competente.*

*Cuarto.- Para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo, deberáse incluír nos orzamentos do ano 2006 crédito orzamentario específico e en contía suficiente ou, no seu caso, de se prorrogar os correspondentes ó ano actual deberán levarse a cabo as modificacións orzamentarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de cadro de persoal a amortizar e isto na contía que sexa necesario."*

2.- Tal e como consta no informe emitido en data 26/09/2006 polo técnico de Organización e Métodos da Unidade de Persoal, a praza que parecería procedente amortizar é a de "Profesor de música titulado", correspondente co posto de traballo código 329.05 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), cunha dotación orzamentaria de 49.920,38 euros, toda vez que se atopa vacante por xubilación do seu titular e se trata dun posto de traballo a extinguir.

3.- Realizada a Mesa Xeral de Negociación en data 25 de setembro do 2006, acordouse cos representantes sindicais e co Comité de Persoal a amortización da devandita praza, como consta na acta asinada ao efecto e da que obra copia no presente expediente que se somete ao criterio do Pleno do Concello.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local sobre a aplicación económica de proposta de valoración correspondente a parte dos grupos D e E de titulación en data 23/12/2005 constitúe na data de hoxe un acto administrativo que goza das esenciais características da firmeza e plena executividade, ao abeiro do establecido nos artigos 56, 57 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, que sinalan que os actos administrativos serán executivos con arranxo ao disposto na devandita Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na cal se dicten, a salvo de que nos mesmos se dispoña outra cousa,

ou ben a salvo do previsto nos artigos 11 e 138 e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

Non constando a data de hoxe a interposición de recurso en vía xurisdiccional contencioso-administrativa, nin o previo esgotamento da vía administrativa, parece necesario dar pleno cumprimento ao citado acordo.

II.- O apartado terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local de 23/12/2005 contempla expresamente a previsión da inclusión nos orzamentos do ano 2006 de crédito orzamentario específico e en contía suficiente ou, no seu caso, de se prorrogar os correspondentes ao ano 2005, efectuar as modificacións orzamentarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de cadro de persoal a amortizar, na contía que sexa necesario, a fin de posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do dito acordo. Toda vez que para o exercizo económico 2006 están vixentes os orzamentos prorrogados do anterior exercizo 2005, únicamente cabe acudir á vía da amortización de prazas vacantes no cadro de persoal orzamentario, aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 28 de febreiro de 2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005).

A amortización de postos de traballo constitúe unha das manifestacións da potestade autoorganizativa das Entidades Locais, na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, recollida no artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 30 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local en canto ao réxime dos municipios de grande poboación. No presente suposto exercitaríase a fin de dar cumprimento a un acto administrativo firme.

Segundo acordou a Mesa Xeral de Negociación en sesión realizada o 25 de setembro do 2006, a praza a amortizar é a "Profesor de música titulado", correspondente co posto de traballo código 329.05 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), cunha dotación orzamentaria total de 49.920,38 euros, que se estima suficiente para dar cumprimento ao acordo de valoración adoptado pola Xunta de Goberno Local.

A mesma está encadrada dentro da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Vigo, aprobada en acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

III.- Con carácter xeral, o artigo 90 da mesma norma sinala que corresponde a cada Corporación Local aprobar anualmente a través do orzamento o cadro de persoal, que deberá comprender a totalidade dos postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual. En aplicación do principio de especialidade normativa -informador do ordenamento xurídico ex artigo 1.4 do vixente Código Civil- e en canto ás atribucións do Pleno dos Concellos nos municipios suxeitos ao réxime xurídico de grande poboación, corresponde ao Pleno a aprobación da cadro de persoal municipal (artigo 123.1.h da Lei 7/1985)."

Polo anteriormente exposto a xefa da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 5 de outubro, o técnico de intervención, Sr. Muradás Blanco, coa conformidade do interventor, emite informe que figura no expediente e no que manifesta o seguinte:

"...A contía do posto a amortizar ascende a 49.920,38 €, sen que a súa redución afecte ó normal desenvolvemento do gasto en materia de persoal, dado o nivel de execución dos créditos afectos ó seu nivel de vinculación e en función do período anual que resta ata a finalización do presente orzamento."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 11 de outubro de 2006, dictamina favorablemente a proposta citada da Xefa da Unidade de Persoal.

DEBATE.- SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Sra. Alcaldesa, antes de nada teño que dicir que tiver unha conversa coa voceira do grupo socialista e coido que tamén o voceiro do Bloque Nacionalista Galego está de acordo en facer unha única discusión dos dous puntos da orde do día xa que teñen unha certa correspondencia e facer votacións separadas.

A PRESIDENCIA: Parécelles ben, sres. voceiros?

SR. SOTO FERREIRO: Eu fun informado por algunha compañeira de Corporación, que non polo Goberno e estou de acordo.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: O primeiro punto da orde do día trata da amortización dunha praza de profesor de música titulado que constaba dentro do cadro do persoal deste Concello como praza a extinguir e esa é a petición que se lle fai ó Pleno.

O motivo da petición desta amortización ten que ver cun acordo que vostedes coñecen do 23 de decembro de 2005 da Xunta de Goberno Local, que para o lembrar leo textualmente: Primeiro, modificar a Relación de Postos de Traballo do Persoal ó servizo do Concello de Vigo correspondente ós postos relacionados cos contidos especificamente considerados de oficios: capataces, encargados xerais, xefes de equipo, xefes de tanda, axudantes, vixiantes, etc., así como daqueles que están a realizar tarefas administrativas. Todos eles encadrados no grupo D e E de titulación para o exercizo do 2005 en canto a retribucións complementarias fixas e periódicas que serán as que contén o Anexo I. Para o exercizo económico do ano 2005 a

adecuación retributiva proposta terá efectos retroactivos do primeiro de febreiro de 2005 para o que se autoriza un gasto de 660.000 euros con cargo á partida "Fondo de adecuación dos postos de traballo dos vixentes orzamentos municipais".

O punto cuarto di que "Para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo se deberá incluír nos orzamentos do ano 2006 crédito orzamentario específico na contía suficiente ou no seu caso de se prorrogar os correspondentes ó ano actual, deberán levarse a cabo as modificacións orzamentarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de Cadro de Persoal a amortizar e isto na contía que sexa necesaria.

Este é o acordo da Xunta de Goberno Local e como consecuencia del propónse a amortización desta praza dado que, como temos un orzamento prorrogado no ano 2006, esa contía de 660.000 euros non é suficiente para cubrir esa decisión da Xunta de Goberno Local relativa ós grupos D e E. Este é o primeiro punto da orde do día e por iso se pide esa amortización.

O segundo ten que ver cunha decisión deste Pleno que se realiza o 31 de marzo, polo que o Pleno da Corporación aproba definitivamente a modificación dos recargos previstos nos parágrafos 6 e 9 do Acordo Regulador, pasando as contías deses traballos nocturnos e festivos a 2,50 en xornada nocturna e a 3,70 en xornada festiva e denominando a estes recargos como "gratificacións". O mesmo acaece coa remuneración do traballo realizado o 25, 31 de decembro e 1 de xaneiro para o que se fixa a contía en 120 euros.

Como temos un orzamento prorrogado a contía da partida de gratificacións que está dispoñible neste orzamento prorrogado por suposto que non pode cubrir este acordo plenario e polo tanto me vexo na obriga de pedirlle a este Pleno unha modificación orzamentaria por un importe de 1.088.000 euros que se financiarán con baixas que se producen dentro do cadro de persoal municipal.

Estes son os temas para os que solicito autorización deste Pleno.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar, amortizar unha praza que realmente fora xa declarada a amortizar non tería nada que dicir, é algo perfectamente previsto e non tería por qué haber problemas. Na miña opinión o problema é que se está ensaiando todo para facer unha monumental chapuza organizada polo Sr. Guerra e co praxe do goberno municipal, chapuza que, xa

dixen no seu día, non cambia absolutamente nada do que dixen nunha intervención plenaria, chapuza que ademais ten na miña opinión claras bases de ilegalidade pero as cousas son as que son, hai un acordo consolidado porque tampouco houbo recursos en contra.

No seu día xa dixen que o Partido Galeguista se atribue de ningún modo e en ningún sentido ningunha patente para dictaminar legalidades. Damos opinións pero diciamos tamén que se realmente o que se producían eran solucións noutra dirección non iamos obstaculizalas.

Non o imos facer hoxe tampouco. Ímonos abster ó igual que fixemos diante daquel acordo pero non por iso deixamos de dicir a nosa opinión sen lle bailar a auga a ninguén, dicíndolle a nosa verdade a todo mundo á cara: isto parécenos unha monumental chapuza na que estamos incursos, na que hai unha parte que se fai, xa veremos como se fai a outra, sábese como se entra pero non como se vai saír dela aínda. Polo tanto volvo utilizar a verba "chapuzazo" máis que chapuza.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Tamén brevemente e referíndonos ó primeiro punto da orde do día. Efectivamente vostedes o que traen aquí como primeiro punto é como consecuencia dun acordo que tomaron na Xunta de Goberno do 23 de decembro de 2005 e nese sentido, e no seu momento tamén o dixemos, é un mal acordo entroutras cousas porque obedece basicamente á improvisación e non é un documento, unha resolución desta Xunta de Goberno traballado.

Un acordo que por certo ten diversas aristas bastante difíciles de limar e consonte se van desenvolvendo ímolo vendo. Nese sentido o que lle pedimos ó goberno municipal é que reconduza ditos acordos e busque outras fórmulas con maiores garantías e non que obedezan precisamente á falla de traballar un expediente, á improvisación e a saír cara adiante polo camiño máis fácil.

SRA. GRAÑA BARCIA: Preséntansenos dúas propostas; por unha banda un incremento da partida de gratificacións para facer fronte ó compromiso de incremento do valor de festivos e nocturnos por un importe algo superior a 1.000.000 de euros e por outra banda a amortización dunha praza para facer fronte ás obrigas económicas do acordo de valoración dos grupos D e E, por importe de preto de 50.000 euros.

Cando o goberno da Sra. Porro nos presentou as súas propostas de valoración de postos de traballo e de incremento do valor de festividade e

nocturnidade aplicou tres calificativos: que estas propostas eran xustas, posibles e positivas.

Pois ben, polo que hoxe debatemos semella que o goberno municipal non fixo todo o necesario para que estes acordos fosen economicamente posibles. Por non facer nin presentaron orzamento para este ano, non presentan consonte é a súa obriga o orzamento deste ano e sen embargo presentan parches como o de hoxe, furtando ó Pleno do debate orzamentario que é o debate da súa xestión e dos seus proxectos.

Faise preciso lembrar brevemente o que constituen antecedentes graves do absoluto fracaso da súa política de persoal.

En primeiro lugar é necesario lembrar o retraso inxustificable da oferta pública de emprego, dunha oferta de 171 prazas, a maior oferta da historia como vostedes mesmos declararon.

O retraso da convocatoria carece de xustificación. De xeito reiterado o noso grupo ven denunciando este restraso. Na súa comparecencia a solicitude do noso grupo comprometéronse a cumprir uns prazos que se incumpriron e en outubro de 2006, a data de hoxe o goberno aínda non publicou as bases da convocatoria.

Seguen obviando as necesidades que existen nos distintos departamentos en materia de persoal, indebidamente mal resoltas con contratacións temporais cando retrasan unha oferta pública de emprego. Obvian tamén a situación na que se atopan todos os que teñen unha lexítima expectativa de acceso a un emprego público.

Pero non só esta razón, tamén debemos engadir unha mala xestión política. Ó retraso inxustificable da Oferta Pública de Emprego, ó que se lle engade o abuso das contratacións temporais, debemos engadir unha ausencia total de política de persoal, dende a falla de control do absentismo ata a mediocre política de formación.

Melloraron as retribucións do persoal pero iso non favoreceu o bo funcionamento dos servizos do Concello. Dende logo, Sr. Guerra, dos poucos minutos que destina a este Concello non utilizou ningún para mellorar o seu funcionamento. A tramitación de expedientes non mellorou, tampouco a resolución de queixas, non funciona mellor o tráfico ou a Xerencia de Urbanismo senón todo o contrario e iso ten moito ou todo que ver cunha eficaz xestión de persoal que con vostedes estivo moi lonxe de acaecer.

Por último, pero non menos importante, debemos engadir unha absoluta falla de transparencia e consenso. Poideron levar a piques os acordos que



asinaron gracias a unha oposición responsable, a súa maioría insuficiente foi suficiente gracias ós votos da oposición, pero sen embargo nun acto máis de prepotencia non negociaron nin anteriores propostas, nin dende logo esta.

Lémbrolle, Sra. Porro, que están obrigados a iso, que non teñen seguros os votos. Polo demais vostedes adoptaron decisións que hipotecan a esta Corporación e ás seguintes e non existiu ningunha vontade de consenso e si unha falla absoluta de transparencia sobre os acordos asinados coa representación sindical.

O retraso inxustificable da oferta pública de emprego, a mala xestión política da área de persoal e a súa falla de transparencia e consenso nos acordos sociais son os antecedentes cos que hoxe se dirixen cara este Pleno solicitando unha vez máis que poñamos arranxo ó que fixeron mal porque precisan amortizar unha praza porque erraron nas contas. A partida de 660.000 euros para a valoración foi insuficiente, fixeron mal os cálculos nun orzamento que se aprobou, o correspondente ó ano 2005. Porque se comprometeron a incrementar o valor das horas nocturnas e festivas, comprometéronse a pagalo e nin siquiera presentaron o orzamento para este ano 2006.

Polo tanto as propostas do goberno municipal, as propostas de seu non son xustas, non o poden ser cando se produce un retraso inxustificable na oferta pública de emprego que afecta a tantas persoas. Non son positivas, non o poden ser cando se basean nunha mala xestión política, na falla de consenso e na ausencia de transparencia, e non son posibles porque nin siquiera saben facelas posibles porque ou consignan cantidades erróneas no orzamento ou non presentan orzamento.

Pero non se asusten, non votaremos en contra malia o mal que o fan, unha vez máis subsanaremos os seus erros para que os traballadores deste Concello poidan cobrar o que vostedes prometen pero non poden cumprir. Pero un aviso: a amortización que se propón se corresponde cunha praza a extinguir e vacante por xubilación e estas circunstancias evitan un voto en contra pero como excepción. Non se pode interpretar con este acto que aceptemos futuras propostas inxustificadas de amortizacións en ferverza que poideran afectar á xa danada xestión municipal. Moitas gracias.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Vou empezar polo final. Sincieramente cando falamos do tema da oferta pública e vostedes fan tanto fincapé no seu retraso, a

min me causa unha certa sorpresa, por dicilo dalgún xeito, e isto é por un pretendido esquecemento de que cando vostedes estaban no goberno e tiñan responsabilidade de goberno non presentaron nin unha soa oferta pública de emprego no ano 2003, non é que tivera retraso, non presentaron ningunha.

Con eses antecedentes a verdade é que se eu fose quen tivera que criticar o labor dun concelleiro de Persoal tería un pouquiño máis de recato en lles esixir ós demais aquilo que un, en condicións moito mellores non poido executar.

A verdade é que isto de que vostedes tamén o fixeron non me satisfai porque eu me esixo máis a min mesmo e nestes momentos tócanos gobernar, temos unha obriga de goberno, temos un goberno en minoría e todo o mundo sabe e non fai falla que o repita aquí, que a falla de flexibilidade da oposición e de vostedes en particular impediu que aprobáramos un orzamento e deses "barros veñen estes lodos", evidentemente.

É verdade que temos que xestionar un orzamento prorrogado e polo tanto iso nos determina unha maior rixidez á hora de poder presentar políticas en todos os aspectos, pero neste caso en particular nós temos que optar e priorizar porque máis ca nunca, ó teren un orzamento prorrogado e recursos limitados, é imposible non tomar unha decisión por preferencias.

A min gustaríame preguntarlles en voz alta e que vostedes contestaran igual tendo en conta ademais ese progresismo do que tanto alardean, se nunha situación de orzamento prorrogado cal é a proposta, a proposta sería, non de boca para fóra senón de boca para dentro, que vostedes lle quixerían presentar ós representantes dos traballadores, ós traballadores desta casa para corrixir peticións que non son de hoxe, son de hai moitísimo tempo e que vostedes con orzamentos completos, con maioría no goberno non tiveron a vontade dos poder quitar adiante. Gustaríame que dixeran cal é o seu compromiso porque a nós o único que nos falla é un orzamento porque vontade política temos e estámola demostrando.

Gustaríame que me explicaran cómo cren vostedes que cun orzamento prorrogado se poden liberar recursos para cumprir, algo que é unha petición dos traballadores desta casa dende hai moitos anos; cómo se fai se non é recorrendo ás baixas existentes dentro do cadro de persoal?

Eu véxolles a vostedes xa moi maiores para crer nos milagres. Os milagres non existen e para liberar eses cartos, para liberar cartos dun acordo, por exemplo o de nocturnidade e festividade que vostedes non criticaron en absoluto senón que coidaron positivo e teño por aquí as actas dos Plenos e

o único que dicían era que era ilegal, e agora poden vostedes ler o informe onde pon que de ilegal ren, ese acordo que vostedes non podían criticar doutro xeito, cómo se paga ese acordo? Gustariame sabelo. Se vostedes saben como se fai eu estou disposto a que me propoñan unha posición, pero estamos nunha situación de orzamento prorrogado e isto é unha cuestión de vontade política para resolver problemas que veñen presentados, neste caso de nocturnidade e festividade dende o ano 99 e no caso da adecuación dos postos de traballo alomenos dende o ano 97.

Ese é o primeiro tema que me gustaría formular pero é que ademais é unha casualidade que o que propoño son modificacións, nun caso unha amortización e noutro unha modificación de crédito. Este humilde concelleiro que dedica tan pouco tempo, quizais de máis calidade ca outros pero pouco tempo, vostede coida que eu me inventei o recurso das modificacións de crédito? Teño unha carpeta enteira de Plenos de cando vostedes estaban no goberno e presentaban as mesmas modificacións de crédito con cargo ó Capítulo I, podolelos: Plenos do ano 2001, sesión de 25 de novembro do ano 2002, sesións de 2003: 1.576.000 euros que vostedes propoñían. O goberno ten un orzamento prorrogado e vostedes semella que o esquecen.

Sen embargo, dado que eu non inventei o recurso, si lles digo que nós temos unha diferenza moi grande respecto de vostedes: nós dedicamos os fondos que se liberan dentro do Capítulo I, dentro do orzamento que lle corresponde ó persoal desta casa para corrixir disfuncións, peticións de todos os membros do persoal e en concreto do comité de persoal desta empresa, disfuncións que veñen dende hai moi tempo e non dedicar eses fondos liberados do Capítulo I para gastos publicitarios, gastos correntes, etc., a iso comprometímonos dende un primeiro momento comprometímonos a que os fondos liberados do Capítulo I non se dediquen a facer pagos publicitarios, etc., como pasaba naquelas modificacións.

Por casualidade, preparando este Pleno, lendo os Plenos atopeime cunhas declaracións de quen era o noso voceiro no ano 2003 e agora é a nosa alcaldesa, e cando vostedes nos pedían a autorización para unha modificación de crédito de 1.576.000 euros, a nosa querida alcaldesa dicía: "Se ben é lóxico que a finais ou mediados de ano poidan xurdir necesidades que obriguen a facer modificacións ou axustes no orzamento, non cremos de recibo que gastos do Capítulo I se detraian para ampliar o Capítulo II con temas que ademais deberían estar presentes no orzamento, como a limpeza da Casa do Concello ou a publicidade da oferta pública.

Ese era o noso talante, o xeito en que nós asumiamos este tipo de problema. Pero ademais isto nós facémolo doutro xeito diferente porque estas modificacións vostedes fanas por imposición pero nós o negociamos precisamente cos representantes dos traballadores cos que estamos tendo un clima diferente, de relación positiva e confianza e iso leva a que nos tres últimos anos nesta casa gracias a Deus tivemos unha certa paz social, unha tranquilidade para os traballadores porque sabían que estabamos loitando por algo xusto e co que semella que todos coa boca pequena estamos de acordo. Iso levou, entroutras moitas cousas pero xa que vostede me fala de xestión, ter unha produtividade moito maior porque non temos horas perdidas diante do Concello, etc., con diferentes tipo de manifestacións. Coido que queda bastante claro o tema da oferta pública de emprego pero ademais eu non lle pido xa que me crea sobre a oferta pública de emprego, só lle pido que lea o BOP do 9 de outubro, aí xa está a oferta pública de emprego deste Concello só pendente dos prazos meramente legais que teñen que ver coa súa exposición ó público. Iso é o que pasa coa oferta pública de emprego, pero lles lembro neste punto que vostedes terán a responsabilidade de explicar que é o que propoñen vostedes ós representantes dos traballadores e ós traballadores desta casa ante esas reivindicacións históricas que estamos tentando corrixir cun orzamento prorrogado. Esa é a única chapuza deste tipo de propostas que eu lles estou realizando.

Sobre o tema dos minutos dedicados a Persoal non lle vou contestar, non me semella pertinente porque igual se dedican menos minutos pero moito máis esforzo para sacar estes temas adiante, pero si lle quería comentar o tema da partida dos 660.000. Á parte dun pequeno erro co cálculo da Seguridade Social, vostedes sabe que a razón de amortizar esta praza non é só ese defecto de cálculo senón que ó se prorrogar os orzamentos o 2% que ten que crecer a masa salarial non o pode facer porque temos un orzamento prorrogado e polo tanto teño que pedir en todo caso os cartos para cubrir ese fondo que lles lembro vai dedicado a unha valoración de postos de traballo das categorías D e E. Tampouco teño por qué volver comentar as súas verbas nos Plenos cando falamos destes temas, nos que vostedes nos pedían garantías para as categorías máis baixas deste Concello, para lles garantir que esa valoración que todos entendiamos que era xusta e que vostedes levaban 6-7 tentando sacar adiante, se cumprise.

Esta é a razón de amortizar esa praza. Vostedes saberán qué fan con outras prazas, verán o que teñen que facer coas súas decisións.

Por último, Sr. Viéitez, eu remíto o tema do estudo doutras posibilidades. Sabe que vostede e mais eu falamos algunha vez sobre este tema e remíto o informe sobre amortización da praza en cumprimento do acordo e informe da xefa de Persoal que di textualmente: "Toda vez que para o exercizo económico 2006 están vixentes os orzamentos prorrogados do anterior exercizo 2005, unicamente cabe acodir á vía da amortización de prazas vacantes no cadro de persoal orzamentario". Iso é o que di literalmente este informe e é literalmente o que nós como goberno temos que seguir: o que din e escriben os técnicos. Iso é o que estamos facendo.

SR. SOTO FERREIRO: Sr. Guerra, empeza vostede por unha cantilena que empeza a sere case unha andrómena: "Cando vostedes estaba no goberno". Pois mire, é que non están no goberno e vostedes levan anos no goberno, polo tanto non me diga o que facían ou deixaban de facer porque eu mesmo podo estar de acordo nalgunhas das cousas que di que se non se facían ben, pero mesmo os que fixemos cousas malas antes temos dereito a rectificar e a facelas mellor e non vale invocar permanentemente o pasado para incumplir sistematicamente no presente o que se debe facer que é o seu recurso, pobre na miña opinión, que dialécticamente pode valer para algo pero no fondo para nada.

Vostede logo fai unha serie de cousas que a min me deixan estupefacto, di que a oposición non ten sensibilidade. Dixo literalmente: "A falla de sensibilidade de vostedes, da oposición, para impedir que se aprobase un orzamento", ou dialecticamente varias veces di: "Como temos un orzamento prorrogado...", e remata toda esta fase da súa intervención preguntando á oposición: "Cal sería a súa proposta sería". En primeiro lugar, non invirta a carga da proba.

Partido Galeguista, resposta clara e concreta: faga vostede un orzamento, tráiao e vuelle dar a proposta concreta en forma de alternativa do Partido Galeguista. Se non a trae é que estamos discutindo no ar pola súa incapacidade ou covardía política de seu e da súa querida Alcaldesa, como vostede dixo.

Polo tanto, se vostede cumpre coa parte que ten que cumprir como goberno, eu asegúrolle que vou cumprir coma xa fixen anteriormente porque cada vez que houbo un orzamento presentamos emendas, ás veces á totalidade, ás veces

parciais e ás veces con vostedes mirando cara outro lado para non obstaculizar. Porque sigo dicindo que é mellor un mal goberno que o desgoverno e que malia que vostedes poidan facer cousas que a min non me gusten, prefiro as que me gustan pouco que as que non me gustarían nada como sería non facer nada.

Unha cousa é esa pero a súa é unha deixación de responsabilidades absoluta coa non presentación dun orzamento. Invocando que dixeron nos xornais non sei qué? Pero é que aquí agora se vai gobernar porque alguén fala nos xornais? Dígoo porque xa escoitei ese argumento de parte de seu. Non ten a máis mínima consistencia.

O que hai no transfondo podería ser outra cousa, poderían ser as comparanzas de que alguén con razón ou sen ela, facendo ben ou mal, en función de que non lle aprobaron un orzamento presentou unha cuestión de confianza e vostedes non querían resistir esa comparación porque non ían presentar unha cuestión de confianza, xa que metían nun lío tal a quen os soporte no goberno que a ver como se saía diso. Esas son as miñas verdades, non sei se con razón ou sen ela.

Polo tanto vostedes que teñen a ousadía política de non presentar orzamento, de renunciar a gobernar coa coherencia das súas ideas, que non digo que sexan as miñas, ou coas que poidan pactar cos demais realmente invírtennos a carga da proba e preguntan cal sería a nosa proposición. Se quere lla digo e se quere por separado tamén, naturalmente non nunha intervención plenaria rápida e sucinta, non pretenderá que debatamos aquí cal sería unha política de persoal pero si que seguramente lle dou o fío mestre e conductor. De retribucións xeralizadas e de café para todos nada de nada.

Estudo obxectivo de postos de traballo, estudo obxectivo de cargas de traballo, organización do Concello, cousa á que vostedes renunciaron absolutamente, nin tentaron organizar ren na administración deste Concello dende que están no goberno, pedínlles cen mil veces que non o fixeran vostedes nin nós, que se fixera con consultings, pedínlllo na Xerencia, porque menos mal que xa hai moi poucas licenzas pero as que van tardan un ano en dalas e vostedes nunca tiveron a vontade política de enfrontar ese problema. Cómo se atreve a dicir que a oposición non ten sensibilidade para non sei que cousas? Son vostedes os que coa súa incapacidade política os que nos teñen nesta situación e mentres nos botan un "lagarto" en medio

desta partida e agora a ver como saímos correndo todos para que non nos morda.

A nosa saída, non neste tema senón que en case todos e digo case por se erreí nalgún, é que non imos atrancar pero isto é un "chapuzazo" como a copa dun pino porque aínda este tema non está resolto, porque aínda ímonos atopar flecos e máis flecos desta historia, porque non sabemos aínda como se lles vai pagar ás outras escalas retributivas da organización municipal. Sábeo vostede? Ou porque llo furta ó Pleno se o sabe? Cómo se resolve isto no ano que ven? E no outro? Isto é unha "chapuzaza", Sr. Guerra, sen visos de futuro serio.

Por último, vostede di que era perfectamente legal. Eu penso que está vostede absolutamente trabucado pero non é que o pense eu, é que vostede fala dos informes de hoxe como dunha situación consolidada, non houbo recurso e aí está. Pero daquela si que había informes, eu non esquecín os informes do Sr. Interventor. Daquela non era legal para nada, non segundo a miña opinión, non segundo a dos meus asesores que tampouco, senón segundo o informe dos técnicos municipais e non lle quero contar porque intramuros sabemos todos moitas películas de "empurra a este técnico para aquí que fai un informe que a min non me gusta", que tamén houbo.

Polo tanto, por favor, non nos faga agora aínda por riba comulgar con rodas de muiño e trasladarlle ó conxunto da oposición a falla de sensibilidade por impedir que se aprobasen os orzamentos. Iso case raia na caradura, Sr. Guerra.

A min dame a impresión de que vostedes contan nestas e noutras cousas non con traballar un consenso que non traballan para nada, senón que contan coa responsabilidade dos demais, é dicir, pensan: "Voulles botar este touro e a ver se se atreven a dicirlle que non ou cómo saen". Vostedes xogan con iso e teñen razón porque normalmente os demais estamos demostrando máis responsabilidade ca vostedes dende o goberno municipal.

Por último, déixeme dicirlle, Sra. Graña, que lle escoitei poucas intervencións tan brillantes, que a fago toda miña menos o idioma, por suposto.

SR. VIÉITEZ ALONSO: Tres aspectos a salientar brevemente. En primeiro lugar, Sr. Guerra e señores do PP, non critiquen o que outros fixemos cando vostedes o voltan repetir. Sobre a falla de sensibilidade aplíquense o conto dende o principio ó final porque se vostede leu as actas, que si creo

que as leu, lémbrese do comportamento do Partido Popular cando a Corporación anterior puxo enriba da mesa a valoración de postos de traballo. Asuman as súas responsabilidades cousa que o resto da oposición nesta Corporación municipal non fixo.

Se discrepamos en cómo se aplica en absoluto ten nada que ver coas pedras no camiño e os paos nas rodas que vostedes puxeron. Non se esqueza diso e coma mínimo debера ter un mínimo grao de humildade, xa non só por estar en minoría política, senón para saber realmente e asumir o que vostedes fixeron porque o único que están facendo é apelando á responsabilidade do resto dos grupos políticos para con este e outros temas, aínda que nós nos imos centrar neste que é o que nos trae aquí.

Vostede rebosa prepotencia porque non foron quen dende o principio ata o final de chamar ó resto da Corporación para tratar este tema, cousa que si fixo a anterior Corporación malia que sabiamos que poidera haber discrepancias ou diferencias de criterio, abrimos a man absolutamente a todo o mundo e algúns se dedicaron a poñer atrancos, outros participaron dende o seu punto de vista pero ese aspecto vostede tamén o quere obviar. Falla de sensibilidade a de vostedes multiplicada polo que queiran.

Sobre outras alternativas, gobernar é tomar decisións e entroutras cousas traballar os expedientes; traballen. Vostedes tomaron unha decisión na Xunta de Goberno de decembro de 2005 e teñen que asumir esa responsabilidade. Estou por asegurar que se nós gobernáramos teríamos outra proposta pero lles corresponde a vostedes, non nos pida á oposición o que ten que facer o goberno, asuman a súas responsabilidades para o bo e tamén para o malo. Estamos plenamente convencidos de que se o traballaran outra alternativa teríamos enriba da mesa.

Xa por último e para rematar dicir que vostedes o único que están facendo é diferir o problema. Tempo ó tempo e en todo caso xa falaremos non só do Capítulo I, senón tamén doutros capítulos.

SRA. GRAÑA BARCIA: Menos mal, Sr. Guerra, que este asunto o vai sacar vostede adiante no Pleno porque o grao de virulencia na súa resposta dende logo coido que non coincide en absoluto co que hoxe vai acaecer. En todo caso, pequenas respostas a determinadas manifestacións que vostede realizou.

En relación coa publicación de anuncio o 9 de outubro no Boletín, dende logo manifestarlle a nosa satisfacción, está visto que o constante



recordatorio por parte do noso grupo do retraso na oferta pública de emprego acada, senón todo, alomenos que se vaian avanzando pequenos pasos. De todos os xeitos débolle lembrar que na súa comparecencia respecto a este asunto vostede comprometeuse a que os exames se realizarían no mes de xullo, estamos no mes de outubro e non se iniciou aínda o prazo para presentar solicitudes co que malamente se van poder realizar exames nun mes que xa pasou.

Utilizando os seus propios termos, Sr. Guerra, tócalles gobernar e iso é dende decembro de 2003. Non nos obriguen a todos a repetir constantemente estas frases.

Tamén utiliza vostede un termo coido que producto dun lapsus porque non é que non se aprobaran os orzamentos, Sr. Guerra, é que vostedes incumpriron a súa obriga dos presentar. Alegroume onte escoitar ó seu compañeiro, Sr. Figueroa, co que ó mellor vostede aínda non falou, recoñecendo publicamente que é obriga do goberno presentar orzamentos e dende logo neste ano 2006 vostedes non o fixeron.

Vostedes sacaron adiante, é certo, un acordo coa representación social gracias ós votos dos grupos da oposición neste Pleno, non o lembra vostede e debera lembralo, Sr. Guerra. Efectivamente hai problemas pero é que todos eses problemas na súa obriga de gobernar debeu vostede telos en conta no momento no que subscribíu ese acordo, acordo que negociou coa representación social pero que en ningún momento, e continúan existindo problemas e existirán máis no futuro, vostede continua sen negociar co resto dos grupos que forman parte desta Corporación e que vostede precisa para sacar adiante eses acordos.

Por último, un exemplo de xestión, Sr. Guerra, deses que veñen a pelo porque mo notificaron hoxe: un retraso dende o 27 de xullo ata o 21 de setembro na sinatura dun contrato que afectaba a un servizo que se presta exclusivamente durante os meses de verán por acumulación de traballo por coincidir con períodos de vacacións do persoal, quedando pendente para datas posteriores.

Estes son os problemas de xestión mínimos que vive todos os días o Concello sobre os que vostede nos seus minutos de calidade non fixo nada.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Basicamente toda a argumentación vai sobre o tema do orzamento, xa non estamos discutindo sobre temas de persoal propiamente, senón que estamos falando de temas de orzamento.

Antes nada dicir que se falo con convecemento non quere dicir que fale con arrogancia, nin con ningún tipo de exceso de virulencia, sinxelamente falo con convecemento do que estou dicindo e se a algunha persoa iso lle causa extrañeza, síntoo moito.

No tema do orzamento coido que todo o mundo que vive nesta cidade lembra as posicións de cada un dos grupos. Lembren as declaracións de todos os voceiros dos grupos e lembren que eran absolutamente negativas. Non coido que faga falla dicir nada máis, aquí estamos facendo un brinde ó sol, había que presentar un orzamento que en todo caso non ía ser aprobado polas declaracións públicas que vostedes fixeron en todos os casos. Esa é a realidade das cousas.

En todo caso e se o queren ver dese xeito, o que estamos discutindo agora é probablemente a parte do Capítulo I dese orzamento, entón temos a oportunidade de discutilo e ese orzamento que é prorrogado, nós coidamos na nosa acción de goberno que é prioritario resolver unhas cuestións que vostedes non comentan pero que levan moito tempo formuladas, é sinxelamente iso. É fixar a prioridade. Este é o punto no que nós fixamos a prioridade que é resolver cuestións que vostedes xa traballaran nalgúns casos porque eu non digo en ningún caso que eu sexa o pai da idea, en absoluto, senón que vostedes traballaran, acordaran, pensaran que eran positivas para o cadro de persoal e que pola razón que fose non foron quen de concretar.

Quizais nestes momentos se dan as condicións e son vostedes, porque efectivamente somos conscientes de que temos minoría, os que poden facer posible ese acordo que querían facer noutros tempos anteriores; é sinxelamente iso o que eu quero trasladar cando falo de responsabilidade, nin máis nin menos. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, e nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a modificación orzamentaria do cadro de persoal do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 28 de febreiro de

2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) procedendo á amortización dunha praza correspondente co posto de traballo vacante denominado "Profesor de música titulado", con código de posto 329.05 e encadrado no Servizo de Animación Sociocultural, cunha dotación orzamentaria anual de 49.920,38 euros, a efectos de dar cumprimento ao disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/12/2005 que acordou, entre outros aspectos, modificar a Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo do Concello de Vigo correspondentes aos postos relacionados, cos contidos especificamente considerados de oficios (capataces, encargados xerais, xefes de equipo, xefes de tanda, axudantes, vixiantes, etc) así como aqueles que están a realizar tarefas administrativas, todos eles encadrados nos Grupos D e E de titulación, para o exercizo 2005 en canto ás retribucións complementarias fixas e periódicas (complemento de destino e complemento específico) contido no ANEXO I que forma parte inseparable do propio acordo, establecendo expresamente que para posibilitar o cumprimento no futuro das obrigas económicas que se derivan do presente acordo, deberáse incluír nos orzamentos do ano 2006 crédito orzamentario específico e en contía suficiente ou, no seu caso, de se prorrogar os correspondentes ó ano actual, deberán levarse a cabo as modificacións orzamentarias necesarias mediante a baixa de créditos adscritos a prazas de cadro de persoal a amortizar e isto na contía que sexa necesaria.

Segundo.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

2.- (181).-MODIFICACIÓN DE CRÉDITO EXISTENTE NA PARTIDA ORZAMENTARIA 121.0.151.00.00, "GRATIFICACIÓNS". EXPTE. 16671/220

ANTECEDENTES.- A xefa da Unidade de Persoal, con conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado, con data 27 de setembro informa do que segue:

"1.- En sesión de data 31 de marzo do 2006, o Pleno do Concello acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente con efectos do 1 de xaneiro de 2005 a modificación dos "recargos" previstos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, fixando a súa contía en 2,50 euros nas horas de xornada nocturna a realizar entre as 22.00 h e as 7.00h, e en 3,70 euros nas horas realizadas en sábados e días festivos, denominándose tales "recargos" como "gratificacións".

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente con efectos do ano 2005 a modificación da cantidade que se menciona como "compensación" no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, referida ó traballo efectuado entre as 10.00h do día 24 de decembro e as 15.00h do día 25 de decembro, e no mesmo horario os días 31 de decembro e 1 de xaneiro, fixando a súa contía en 120 euros, denominándose tales "compensacións" como "gratificacións".

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Xunta e ó Comité de Persoal deste Concello, así como á Delegación Provincial da Consellería de Traballo aos efectos oportunos.

CUARTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

2.- En execución do devandito acordo foron aboados os atrasos en concepto de gratificacións por horas extraordinarias correspondentes á totalidade do ano 2005, así como os atrasos correspondentes ao período comprendido entre os meses de xaneiro a maio (ambos inclusive) do presente ano 2006, xunto cos atrasos devangados no pasado mes de xuño, estando no momento actual pendentes de pago as gratificacións dende o mes de xullo ata a actualidade, sen prexuízo daquelas que se poidan devengar ata o fin do presente exercizo presupostario 2006.

3.- En instrucción do servizo de data 22/09/2006 o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ordenou á Unidade de Persoal a realización dos trámites administrativos necesarios para a iniciación de expediente de incremento da partida presupostaria 121.0.151.00.00 gratificacións, xunto co cálculo económico estimativo da cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano.

En informe de data 22/09/2006 o técnico de Organización e Métodos da Unidade de Persoal sinala que a cantidade estimada en que sería necesario incrementar a partida de gratificacións é de 1.088.382,01 euros, con cargo a vacantes de persoal, como se detalla no cadro seguinte:

RPT	CODP	POSTO	SERVI ZO	PARTI- DAF	CLAVEP	CANT	TOTAL BASICAS 120,00,00	TOTAL COMPLE N 121,00,00	TOTAL PLAZA

01	83	SUBOFICIAL EXTINCION INCENDIOS	213	222.1	21302	3	21.316,05	6.740,61	<b>28056, 57</b>
01	122	CABO XEFE SAIDA EXTINCION INCENDIOS	213	222.1	21306	2	11.619,72	22.746,58	<b>34366, 30</b>
01	132	BOMBEIRO	213	222.1	21309	4	23.239,44	41.829,08	<b>65068, 52</b>
01	133	CONDUCTOR BOMBEIRO	213	222.1	21307	1	5.809,86	10.457,27	<b>16267, 13</b>
01	146	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	301	313.0	30114	1	5.809,86	7.954,07	<b>13763, 93</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	108	322,0	10804	1	7.105,35	8.469,62	<b>15574, 97</b>
01	57	TECNICO ANALISE MEDIO AMBIENTE	313	412.1	31302	1	11.231,01	18.294,05	<b>29525, 06</b>
01	142	INSPECTOR AUXILIAR SANIDADE	310	413.0	31005	1	5.809,86	9.916,41	<b>15726, 27</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	332	422.0	33204	1	7.105,35	8.469,62	<b>15574, 97</b>
01	7	DIRECTOR SERVICIOS TECNICOS	400	432.0	40001	1	8.735,23	27.583,08	<b>36318, 31</b>
01	53	ARQUITECTO	421	432.0	42102	2	22.462,02	37.046,74	<b>59508, 76</b>
01	62	XEFE SERVICIOS CENTRAIS XERENCIA URBANISMO	400	432.0	40010	1	9.531,90	18.294,05	<b>27825, 95</b>
01	68	ENXENEIRO TECNICO INDUSTRIAL	422	432.0	42203	1	9.531,90	18.294,05	<b>27825, 95</b>
01	71	TECNICO MEDIO OBRAS PUBLICAS	410	432.0	41005	1	9.531,90	18.294,05	<b>27825, 95</b>
01	93	XEFE OFICINA SECRETARIA XERENCIA	401	432.0	40104	1	7.105,35	11.046,74	<b>18152, 09</b>
01	143	INSPECTOR AUXILIAR CONTROL CONCESIONARIO	440	432.1	44003	2	11.619,72	19.832,82	<b>31452, 54</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	330	451.0	33008	1	7.105,35	8.469,62	<b>15574, 97</b>
01	265	ARQUEOLOGO	413	453.1	41302	1	11.231,01	18.294,05	<b>29525, 06</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	441	511.0	44109	1	7.105,35	8.469,62	<b>15574, 97</b>
01	185	INSPECTOR AUXILIAR OBRAS	441	511.0	44106	1	5.809,86	9.916,41	<b>15726, 27</b>
01	46	TECNICO ADMON. XERAL	500	611.0	50002	1	11.231,01	18.294,05	<b>29525, 06</b>
01	47	INSPECTOR TRIBUTOS	502	611.0	50202	1	11.231,01	18.294,05	<b>29525, 06</b>
01	65	TCO. ACTIVIDADES ECONOMICAS	150	611.0	15002	1	11.231,01	18.294,05	<b>29525, 06</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	140	611.0	14010	2	14.210,70	16.939,24	<b>31149, 94</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	510	611.0	51004	3	21.316,05	25.408,86	<b>46724, 91</b>
01	105	ADMINISTRATIVO	540	611.0	54003	1	7.105,35	8.469,62	<b>15574, 97</b>
01	138	AUXILIAR	140	611.0	14011	1	5.809,86	7.784,07	<b>13593, 93</b>
01	171	XEFE GASTOS (ADX.XEFE SECCION)	140	611.0	14008	1	7.105,35	7.979,18	<b>15084, 53</b>
01	183	XEFE/A SERVICIO XESTION CATASTRAL DELEGADA	503	611.0	50301	1	11.231,01	20.072,12	<b>31303, 13</b>
01	287	INSPECTOR/A AXUNTO TRIBUTOS	502	611.0	50204	1	9.531,90	15.407,81	<b>24939, 71</b>
02	80	TCO MEDIO XESTION RECURSOS E PG	413	453,1	41303	1	9.531,90	15.407,72	<b>24939, 62</b>
02	156	VIXIANTE EN XERAL	430	121.2	43010	2	10.608,16	15.451,18	<b>26059, 34</b>
02	184	XEFE EQUIPO OFICIOS	445	121.2	44513	1	5.809,86	8.182,86	<b>13992, 72</b>
02	233	OFICIAL CONDUCTOR	445	121.2	44508	6	34.859,16	47.724,42	<b>82583, 58</b>
02	147	AXUDANTE OFICIOS	446	432.6	44608	1	5.304,08	7.725,59	<b>13029, 67</b>
02	249	OFICIAL FONTANEIRO	446	432.6	44615	1	5.809,86	7.954,07	<b>13763, 93</b>
02	159	OPERARIO LIMPEZA INSTALACIONES	252	442.0	25211	1	5.304,08	7.006,13	<b>12310, 21</b>
02	158	PEON TRABALLOS EXTERIORES	330	451.0	33016	1	5.304,08	7.176,86	<b>12480, 94</b>
02	184	XEFE EQUIPO OFICIOS	442	511.0	44219	2	11.619,72	16.365,72	<b>27985, 44</b>
02	235	OFICIAL CARPINTEIRO	442	511.0	44208	1	5.809,86	7.954,07	<b>13763, 93</b>
02	236	OFICIAL ALBANEL	442	511.0	44209	2	11.619,72	15.908,14	<b>27527, 86</b>
02	249	OFICIAL FONTANEIRO	442	511.0	44213	1	5.809,86	7.954,07	<b>13763, 93</b>
									<b>1088382, 01</b>

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión de data 31 de marzo do 2006, no cal se acordou o incremento dos importes das gratificacións en concepto de festividade e nocturnidade con efectos do 1 de xaneiro do 2005, goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se dicten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992, e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

II.- Os devengos retributivos en concepto de gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública. Asemade, as vixentes instrucións de plantilla do Concello de Vigo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 e publicadas no BOP nº 108, do martes 7 de xuño de 2005, establecen que as gratificacións deberán respostar a servizos extraordinarios realizados fora da xornada laboral. Lémbrese que con cargo ao sinalado concepto retributivo se aboan habitualmente servizos realizados en concepto de horas nocturnas, horas festivas e traballos nos días 24 e 31 de decembro; servizos realizados fóra da xornada normal de traballo que non podan ser compensados con descansos; servizos de escolta de honor ou garda en cerimonia ou actos protocolarios nos que participe a Corporación e compensación ao persoal do Servizo de Extinción de Incendios por horas realizadas en exceso durante o ano.

Consecuentemente, e toda vez que en sesión de data 31 de marzo do 2006 o Pleno do Concello autorizou o incremento do prezo das horas nocturnas, festivas e traballos realizados o 24 e 31 de decembro, resulta obvio que a contía global da partida presupostaria destinada a retribuir as gratificacións do persoal municipal e inicialmente prevista para o exercizo presupostario 2005 (actualmente prorrogada para o 2006) ten sido consumida na súa totalidade, de forma tal que parece necesario o seu incremento co fin de dar cumprimento ao devandito acordo plenario.

III.- O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus presupostos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. En Sentenza do Tribunal Supremo do 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Interpretando o referenciado artigo en relación co 123.1.h) da mesma norma -en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- parece claro que corresponde ao Pleno autorizar o incremento

da partida presupostaria 121.0.151.00.00- "gratificacións" en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006."

Polo anteriormente exposto a xefa da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O técnico de Intervención, Sr. Muradás Blanco, coa conformidade do interventor, con data 5 de outubro, emite informe en sentido favorable.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 11 de outubro, dictamina favorablemente a proposta da xefa da Unidade Persoal citada anteriormente.

*Debátese xuntamente co punto primeiro da orde do día da presente sesión plenaria.*

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con quince abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Viéitez Alonso, e nove votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, acórdase:

Primeiro.- Autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.151.00.00 "gratificacións" nunha contía de 1.088.382,01 euros, con cargo a vacantes de persoal, como se detalla no cadro relacionado nos antecedentes, coa finalidade de dar efectivo cumprimento ao acordo plenario de data 31 de marzo do 2006, sobre incremento do importe das gratificacións en concepto de hora nocturna, hora festiva e traballos extraordinarios realizados en 24 e 31 de decembro recollidos nos parágrafos 6 e 9 do artigo 10, e no artigo 16.B.a) parágrafo segundo do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo", así como ao previsto nas vixentes Instrucións de platilla deste Concello, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 (BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005) en canto ao dereito do persoal municipal

á percepción de gratificacións en concepto de servizos extraordinarios fóra da xornada laboral.

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización da correspondente transferencia de crédito á partida 121.0.151.00.00 "gratificacións" con cargo a vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercizo económico 2006 (prorrogado).

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Mª Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.